

Veta III

Aurora fora clara e meridiana:

—Es ti quen decide o que queres dar de ti mesma.

Que afirmación tan crucial e filosófica para un contorno tan superficial, tan burdo, tan superfluo e innecesario. Ela non quería dar nada de si mesma e ao tempo sentíase como unha terrorista suicida que vai poñer unha bomba no medio do lugar máis transitado dun país. Só que non haberá sangue nin vísceras (ou iso espera). E por iso tamén Gaia sorrí.

—... pelo habitualmente? —a pregunta faina espertar das súas reflexións.

Realmente é iso tan importante? Non é consciente de ter pensado nunca en como leva o pelo. Como lle cadra. Como lle peta. Como lle sae de dentro. Podería contestarlle á amable peiteadora que a mira con cara de intriga dende o espello, cos seus trazos ben marcados e o sorriso de quen ten que tratar con moita xente por obriga máis que por gusto. *Animalciño*. Gaia segue sen saber que contestar. Cando entrara na escola e as nenas lle empezaran a dicir que non se

peiteaba, cando lle comezaron a dicir que estaba a monte, que era de monte, que cheiraba a monte, mirou durante dous días a súa imaxe no espello, observou o seu pelo crecho e pediulle a súa mai que llo cortase. Como para tantas outras cousas, non cambiara dende os cinco anos nesa determinación. Así que o único que facía era cortar o pelo cando lle molestaba e tentar que non lle quedasen tosquaduras. Non ía ao salón de peiteado, nunca tivera gomias nin pinzas nin diademas. Así que encolleu os ombreiros e a peiteadora tívoo claro: barra libre. Colleu o tubo de gomina e dedicouse a darlle forma ao seu pelo crecho, Gaia non puido evitar sorrir coma un can ao que lle fan cóxegas no bandullo: era agradable, non o ía negar. No medio do proceso pousa os ollos no espello. Era ela. Por suposto que si. Coa cara de moucha, como diría Tom, e agora ese sorriso recachado que só se dera de conta que tiña cando lle fixeran as fotos da escola e xusto nese momento lle estaba furando a costela á fata da filla do notario co dedo índice. Era a única foto de todos os seus anos de escola na que saía rindo, ou máis ben recachando o dente. Mais esa era a súa cara, se ben estaba totalmente fóra de lugar, con aquel babeiro branco e os ollos de abraio da maquilladora que a atendera antes cando comentou (non fora unha confesión, non sentía a máis mínima vergoña) que nunca se maquillara na vida, quitando pintar bigotes no antroido e algunhas ocasións semellantes e que só había dous anos que caera na conta de que podía botar crema na pel das pernas para evitar que se lle escamasen cando ía a Alemaña, onde o ambiente era moi seco e a auga moi calcárea. Tomá-rao como un mecanismo de adaptación ao medio natural pero polo demais non entendía nada daquela palestra de instrumentos que a decoradora de faces despregara diante

dela como as velas dun barco. Simplemente esas cousas non estaban na liña da súa experiencia nin no horizonte de cousas que moi de lonxe podían interesarlle. Pero o que máis lle gustou foi a cara de trastorno fondo da maquilladora cando, solícita, lle comentou o mellor sistema de depilar as cellas e o bigote e lle recomendou solícialo a próxima vez que fose ao salón de peiteado.

—Teño trinta e cinco anos, cres que se quixese depilar o bigote non o tería feito xa?

O silencio dos cepillos e barras de labios foi o único que se escoitou a partir de entón e Gaia sentiuse por fin cómoda porque para ela calar era ás veces o mellor agasallo que lle podían facer as persoas. Ademais, non había nada mellor que dicir o que se pensa dende o principio para que a unha a deixen en paz (súa mai *dixit*) e con ese comentario aforrara seguramente unha longa ladaíña de consellos de moda e beleza que estaba moi lonxe nin de desexar nin de merecer.

En estilismo a rapaza só lle comentou que era mellor non levar a chaqueta que traía (negra e de la), porque lle daría calor cos focos e absorbería moita luz, algo que puido entender sen problema e non tivo ningún reparo en quitala e deixala enriba dunha cadeira. Sen dúbida sería unha das poucas mulleres que accedería a ese plató sen levar zapatos de tacón, un amplo escote e os ollos negros coma unha mina (de onde carallo saíra esa moda? Ela fixérase, claro, gústanlle as mulleres e fíxase nelas pero non entende quen inventa esas tendencias que fan de todas unha especie de clons en serie, hai algunha convención que se reúna? Algún congreso internacional do estilismo ou algo diso? Os ananos do señor dos aneis poñendo de moda o estilo «ollo mina»? Como chegase aos seus oídos algún rumor de onde era tal convención, que se fosen preparando).

—Nerviosa? —unha amable asistente entrégalle un vaso de auga.

Bring it on, baby, pensa, mais esta noite non se sente lingual, non está para falar en idiomas máis ca un e só sacará o resto do cesto en caso de ser de mortal necesidade. Todos menos un porque quen queira abrir a súa porta ten que usar a chave correcta. Sorrí sen máis. Non está nerviosa, está impaciente por comezar e rematar. Quere saber que é estar no centro do circo romano para se cadra entender que é o que fascina os seres humanos sobre as vísceras alleas, sobre os imprevistos do directo, sobre as bágoas, as traxedias, as traizóns, as iras que están aí pero non nos tocan. Será o seu un valor didáctico? Aprender da desgraza allea? Buscar consolo no mal dos demais? Fuxir da soidade coñecendo as intimidades de persoas realmente descoñecidas? Non ten nin idea pero estes últimos tempos sente dende dentro esa curiosidade pola cultura do zapping, dos vídeos máis vistos de *youtube*, dos programas que regurxitan outros programas, se ben ela nunca tivera tele de seu e lonxe estaba de adquirir unha a estas alturas. Hoxe, abofé, irán servidos. Por fortuna para ela, a súa curiosidade non é inocente porque sabe que en canto abra a boca, tanto ten o que diga, a polémica estará servida. Mañá será devorada por todos os extremistas, por aqueles que escriben sen pudor en supostos medios de comunicación que o apalpador é un invento do Bloque para revivir a pederastia, mais tamén por aqueles que se consideran máis progresistas ata que topan cos tabús de sempre. Todo por un xesto natural, tan natural como abrir a boca. No programa máis visto do corazón, un venres en horario de máxima audiencia, ela, unha lesbiana do monte, abrirá a boca na súa lingua. Dinamita vai ser iso. Pura dinamita. De novo Gaia sorrí de esguello.